

O Concello de Pazos de Borbén (Pontevedra) considerou conveniente organizar correctamente o seu escudo municipal e maila bandeira, para perpetualo con simboloxía adecuada e conforme as normas de heráldica os feitos máis relevantes e peculiares do seu pasado histórico. Para iso, e de acordo coas facultades que lle confiren as disposicións legais vixentes, elevou o informe histórico-heráldico, coa súa correspondente proposta de representación gráfica da súa enseña, para a súa aprobación definitiva.

A competencia exclusiva en materia de adopción, modificación ou rehabilitación dos emblemas heráldicos e bandeiras dos concellos e doutras entidades locais, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega, segundo o disposto polo artigo 27.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

O expediente tramitouse conforme as normas de procedemento establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais.

Na súa virtude, visto o informe, con data do oito de abril de dous mil dous, emitido pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia e por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de abril de mil novecientos noventa e catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Aproba-lo escudo do Pazos de Borbén (Pontevedra), organizado do seguinte xeito: De azur (azul), un cruceiro de prata (branco), terrasado de sinople (verde). Ó timbre, coroa real pechada.

Artigo 2º.-Aproba-la bandeira do Pazos de Borbén (Pontevedra), organizado do seguinte xeito: rectangular, de proporción 2/3, dividida horizontalmente pola metade de cor amarela ouro a porción superior e azul ultramar medio a inferior.